

Falece o escritor lucense Isidro Novo aos 66 anos



JAUREGUIZAR

01 FEBRERO 2018 12:53 H.



Isidro Novo, durante a presentación da súa novela 'O tabú na traslenda' o pasado ano. MARCOS LÓPEZ

Recentemente publicara o poemario 'CO2' e a novela 'O tabú na traslenda' ► Desenvolveu un destacado labor na recuperación de léxico na AELG

O escritor Isidro Novo (Lugo, 1951) faleceu este xoves aos 66 anos de idade. Destacado novelista e poeta, empezou a súa carreira literaria en galego con *Teaza de brétema*, publicado na colección O Barco de Vapor no 1994.

Seguiríalle o wéstern *Por unha presa de machacantes*, os oito relatos de *Carne de can*, e o libro de poemas *Dende unha nada núa*, segundo indica a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

No 1999 sae á rúa *Antollos de Eimarmena*, de narrativa curta, e logo de catro anos sen publicar, publica as novelas: *Súa de si*, *Rosa lenta* e *Un escuro rumor tralo silencio*. No ano 2007 edita o libro de poemas *Esteiro de noites falecidas*.

Tamén son obras súas o libro de relatos *Cabalos do demo e outros invertebrados* (2010), o de viaxes literarias *O Courel de Novoneyra. Eidos de ollarollar* (2010), así como a novela de terror *Sinistra Deixa* (2012).

Neste pasado ano logo doutro catrenio, volveu co poemario *CO2* e a novela *O tabú na traslenda*.

A maiores dese traballo literario, Isidro Novo era experto en lingua e desenvolveu un destacado labor na recuperación de léxico na AELG.